

GALICIA IMAXINADA

NAS REVISTAS DA EMIGRACIÓN



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



XUNTA
DE GALICIA



EXPOSICIÓN

Organiza

Consello da Cultura Galega

Colabora

Secretaría Xeral da Emigración. Xunta de Galicia

Comisaria

Chus Martínez Domínguez

Documentalistas

Carolina García Borrazás

Teresa García Domínguez

Emilia García López

Agradecementos

Biblioteca de Galicia

Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela

Centro Galego das Artes da Imaxe (AGADIC)

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en

Humanidades

Fundación Penzol

Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento"

Real Academia Galega

Deseño

Imago Mundi

Produción

Escenoset

CATÁLOGO

Edita

Consello da Cultura Galega

Deseño

Imago Mundi

Imprime

Tórculo

Depósito Legal: C 2044-2015

Galicia no espello americano

Ramón Villares

Presidente do Consello da Cultura Galega

Os países, coma as persoas, precisan de espellos en que se mirar. É unha das formas máis precisas de confrontar a imaxe propia e mesmo a identidade persoal. Como lles acontece ás persoas que perden a memoria, que acaban por non se recoñecer nos espellos que devolven unha imaxe que non reputan ser a súa, tamén as sociedades e os países necesitan adestrarse para identificar unha imaxe de seu. Deixemos o asunto das persoas e viremos a nosa mirada cara aos países e, concretamente, cara a Galicia.

Construír a imaxe dun país esixe un longo traballo. Nin todos os seus moradores aceptan de inmediato a idea de que forman parte dunha realidade humana supraindividual nin é doado conseguir esta autoidentidade en curto prazo de tempo. O proceso esixe factores externos moi poderosos, moitas veces de carácter coercitivo, e desde logo unha homoxeneización cultural que non anda lonxe da aculturación. Poñamos o caso de Galicia: ser *callaici* é o resultado da mirada dos romanos, que viron naquela tribo das partes máis occidentais da Iberia o grupo humano que maior resistencia opuxo a ser dominada. Logo virían moitos instrumentos de construción desa imaxe colectiva, dos que o máis relevante procede da cristianización do territorio e o gran traballo de colonización deste, desde Martiño de Dumio ata as ordes monásticas medievais. O primeiro texto que deu unha palabra certa sobre Galicia e os galegos foi claramente o *Codex Calixtinus*, que marca por vez primeira os lindeiros culturais de Galicia nos montes do Cebreiro e compara os galegos cos moradores das terras francas da Galia.

A partir da época medieval, a imaxe de Galicia e dos galegos foi evoluíndo de acordo coas vicisitudes do Reino de Galicia e da súa incardinación no xogo de poderes da Iberia, quer na monarquía de Castela quer en contraposición ao novo Reino de Portugal. Pero foi nos “séculos escuros” cando se impuxo unha imaxe de Galicia basicamente construída desde o exterior e, en xeral, fundada en elementos denotativos de carácter pexorativo, dos que está inzada boa parte da literatura castelá do tempo dos Austrias e, mesmo, dos Borbóns. Só unha alegoría como *El buho gallego*, debida ao conde de Lemos, ou obras intelectuais de maior alcance como as de Frei Martín Sarmiento comezaron a refutar estes

estereotipos que, para o caso galego, actúan de modo análogo aos clichés que sobre o conxunto de España se espallaron na Europa moderna verbo da fraqueza da ciencia española ou a chamada “Lenda negra”. Ben é sabido que os estereotipos non sempre cadran coa realidade, pero o certo é que existen en boa medida porque os “estereotipados” non son quen de construír unha imaxe de seu, un discurso propio.

Foi nos tempos contemporáneos, grazas ao rexurdimento cultural e literario e tamén ás mudanzas económicas experimentadas por Galicia desde finais do século XIX, que comezou a virar esta imaxe negativa de Galicia e dos galegos, por mor dun esforzo reivindicativo das súas elites e dunha acción colectiva debida a moitos galegos de nación que acadaron un notable protagonismo histórico, tanto na Galicia territorial como nas terras de alén mar. Cómpre referirse de modo máis concreto a estas últimas, pois este é o asunto central desta mostra sobre a “Galicia imaxinada” nas revistas e publicacións das colectividades da emigración americana.

4 A forxa dunha identidade política e cultural propia é asunto que leva ocupado moitas páxinas da literatura especializada en procesos de nacionalización. Hai “precondicións” que inflúen neste proceso e acontecementos que actúan de puntos de ruptura e que, en consecuencia, marcan viraxes epocais. Conflitos civís, guerras contra un inimigo exterior ou loitas relixiosas son algúns destes feitos que xeran conciencias colectivas de identidade e, naturalmente, a construción de referentes positivos ou negativos en que sosterse. Tamén se poden entender estes cambios como resultado de procesos inmigratorios nos que a chegada de vagas externas crea fracturas internas con consecuencias etnoculturais. Non obstante, hai un feito que pasa algo desapercibido, que é a influencia que os procesos migratorios cara ao exterior poden ter á hora de construír unha nova imaxe da terra de orixe. Este é o caso da emigración galega a América, que, a diferenza de moitas outras experiencias migratorias europeas coa probable excepción da irlandesa, foi capaz de actuar como unha sorte de “fractura social” inversa: a creación desa identidade desde fóra e non pola chegada de continxentes demográficos.

Esta exposición responde á pregunta de canda foi a influencia das colectividades galegas en América na configuración dos símbolos de identidade de Galicia. Sabemos que moitas institucións culturais e educativas de Galicia, desde a Academia Galega ou a Biblioteca América ata centos de “escolas de americanos”, naceron amparadas no patrocínio prestado desde América. Ademais, foi esencial a emigración para darlles pulo ao himno galego ou á bandeira. Pero nesta exposición, fundada sobre diferentes revistas ilustradas da emigración, nomeadamente na Habana ou en Bos Aires, descóbrense un leque moito máis amplo desa reconstrución da identidade galega feita desde o exterior.

Algunhas desas publicacións foron concibidas tamén en Galicia, como é o caso de *Alfar* ou *Vida Gallega*, pero a meirande parte dos fondos que documentan o discurso visual desta exposición procede de revistas e publicacións promovidas polas colectividades da emigración. Citarei só algúns destes voceiros culturais, como as porteñas *Céltiga*, *Suevia* e *Almanaque Gallego*, ou as habañeiras *Eco de Galicia* e *Tierra Gallega*, entre moitas outras. Numerosas publicacións da emigración tiñan un obxectivo puramente instrumental, de manter viva a comunicación entre a colectividade e garantir que o intercambio de información entre unha e outra beira do Atlántico tivese soportes polos que se difundir. Alén deste propósito, estas revistas fixeron algo máis: a descuberta e promoción da identidade galega baseada na paisaxe, no seu patrimonio, na indumentaria das súas xentes, na música ou na literatura.

Este é o verdadeiro espello americano de Galicia. Trátase dun espello “esmerilado” no que se advirten imaxes que non sempre son uniformes. Hai olladas inxenuas e outras que non son capaces de superar a tentación do “tipismo”. Así mesmo advírtese que, no plano estético, andan lonxe en moitos casos das grandes publicacións ilustradas que se editaban en Europa. Mais comparadas co que se facía en Galicia, é doado advertir que revistas como *Céltiga* ou *Eco de Galicia* son tanto ou máis modernas, sen chegar ao vangardismo, que publicacións galegas coetáneas como *Vida Gallega*. Podería pensarse que debía ser ao revés, dado o perfil sociolóxico dos que ficaban en Galicia e os que emigraban, pero resulta que foi o contacto coa sociedade americana, nomeadamente nas súas grandes metrópoles, o que transformou máis velozmente o fardel cultural levado canda si polos emigrantes galegos.

A novidade, con todo, non está só nesta mellora cultural que a emigración americana supuxo para moitos dos seus integrantes, que fixeron da cultura e da comunicación unha obsesión de moitas das súas entidades asociativas. O máis orixinal do proceso migratorio galego está no feito de que non crebou a relación coa terra de orixe, de modo que foi posible un constante efecto-retorno desde América cara a Galicia. En contra do que a elite cultural galega pensaba, ao considerar a emigración americana como un instrumento de desgaleguización de Galicia, o que se revela a cada paso que se examina cualitativamente aquel proceso é que foi a emigración un soporte esencial para unha regaleguización da terra abandonada pero non esquecida. Todo proxecto de reconstrución nacional ten un claro compoñente de comunidade imaxinada. E, neste caso, gran parte dese traballo de imaxinar Galicia ten unha raíz claramente americana, menos mestiza do que cabería esperar e máis congruente coa tradición popular da cultura galega que moitas das propostas elitistas e “antifilisteas” elaboradas na Galicia europea.

Levar a cabo esta exposición é, máis unha vez, o resultado do compromiso que o Consello da Cultura Galega adquiriu, hai xa moitos anos, de recuperar o patrimonio cultural creado polas colectividades da emigración. Pero tamén da obriga de corresponder ao esforzo histórico desas colectividades cunha devolución en forma de mostras, libros, estudos do feito migratorio e visualización do que supuxo para a Galicia contemporánea a epopea da emigración americana. Non é doado, mesmo despois do que teñen avanzado os estudos migratorios, mudar clichés moi comúns empregados para despachar de forma negativa a nosa visión da emigración. Noutras mostras anteriores, desde *Galicia-América: cinco séculos de historia* (1992) ata as máis recentes de *O sorriso de Daniel*, *Nós mesmos*, *Luces de alén-mar* ou *Os adeuses*, procuramos dar forma a esta nova visión da emigración galega e difundir, nomeadamente en América, este patrimonio cultural. E debo engadir que, felizmente, a acollida que todas estas exposicións tiveron en dúcias de lugares onde foron expostas está a ser entusiasta. Confío que suceda algo semellante con esta nova exposición.

6 A idea para facer esta exposición xurdiu da oportunidade que tivemos de recuperar integramente, en formato dixital, a revista *Céltiga*, grazas a unha feliz parzaría con outras institucións galegas que gardaban parte da colección e á familia dun dos seus promotores, Eliseo Pulpeiro. A partir desta base fóronse incorporando outros fondos, xa dixitalizados no seu día polo Consello da Cultura Galega, ou procedentes da Biblioteca América (USC), da Fundación Penzol, da Real Academia Galega, da Biblioteca de Galicia, do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, do Centro Ramón Piñeiro e do Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI). Esta parzaría tamén se estende ao ámbito máis institucional pois, como aconteceu con varias exposicións precedentes, esta iniciativa forma parte do convenio mantido desde hai anos entre o Consello da Cultura Galega, a través do seu Arquivo da Emigración, e a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia. O labor de comisariado da mostra foi encomendado a Chus Martínez, que o desenvolveu con celeridade e eficacia. O persoal técnico do Arquivo da Emigración Galega achegou a documentación necesaria. O seu deseño foi obra, coma noutras mostras anteriores, de Xosé Díaz (Imago Mundi). A apertura da mostra terá lugar na Casa Galega da Cultura, dependente do Concello de Vigo, e logo terá un itinerario galego, antes de viaxar a América. O meu agradecemento para todas estas colaboracións.

Santiago de Compostela, outubro, 2015

O imaxinario popular perfilou a imaxe que hoxe se ten do emigrante galego de finais do século XIX e primeira metade do XX, no marco dun individuo de moi limitada formación e sobranche de necesidade; tamén como persoa esforzada, tenaz e valente. Sen dúbida, as últimas calidades son fiel reflexo do carácter daqueles galegos valedores de tales cualificativos, polo feito mesmo de emprender viaxe ao descoñecido ou, cando menos, a un mundo incerto. Loxicamente, o estado de ánimo que os levou a embarcarse, no sentido polisémico do termo, en tal aventura veu frecuentemente marcado pola necesidade. Queda, por tanto, discutir a veracidade da primeira afirmación referida á súa formación.

É certo, moitos daqueles compatriotas que nesas décadas abandonaron Galicia en busca dunha mellor vida para eles e as súas familias carecían dunha formación relevante, que souberon compensar con admirables historias vitais a través das cales foi revertida esta circunstancia. Pero non sempre ocorreu así. Tamén foron numerosos os poetas, narradores, artistas plásticos, pensadores e, mesmo, humanistas que miraron cara a América como destino para o desenvolvemento e proxección das súas capacidades.

Estes e aqueles que por inquietude persoal desenvolveron alén mar o seu potencial intelectual foron os creadores das verdadeiras protagonistas desta mostra: as revistas e publicacións xurdidas en América desde iniciativas colectivas, no ámbito da galeguidade, a fin de afianzar os vínculos cunha Galicia afastada na distancia pero de permanente presenza nos seus pensamentos e corazóns.

A transcendencia dalgunhas delas veu dada polo extraordinario dos seus contidos, polas plumas que as subscribiron e, fundamentalmente, polo valor social que alcanzaron nuns anos de profunda saudade, sacrificados inicios e ánimos vacilantes. Esas revistas, vinculadas moi habitualmente a institucións recreativas, culturais e asistenciais fundadas polos galegos, constituíron un soporte fundamental para aqueles valorosos homes e mulleres. Para uns supuxeron as cabeceiras onde dar a coñecer os seus pensamentos, plasmar a súa creatividade e compartir o seu talento; para a maioría representaron unha xanela aberta, a través da que se achegar a Galicia para rememorar as súas orixes e dar a coñecer as súas satisfaccións e éxitos.

Ao fío desta última afirmación, serviron así mesmo de fonte de reclamo para moitos que descubriron nos seus artigos, fotografías e ilustracións oportunidades descoñecidas e provocaron neles o espertar dun desexo latente.

As revistas editadas nos anos que recolle a presente mostra permaneceron nalgúns casos ata os nosos días. Outras, moitas, foron creadas e gozan de gran popularidade nos seus ámbitos de distribución. Hoxe son editadas non só en América, senón tamén nalgúns lugares de Europa e en numerosas poboacións

españolas con importante presenza de veciñanza galega. A súa utilidade e motivación son similares ás que provocaron o nacemento das da época aquí recollida, salvando, como é lóxico, as diferentes circunstancias sociais de cada momento.

En todo caso, se a nosa historia recente non se pode entender sen o estudo do extraordinario legado achegado pola nosa emigración, o material editado ao que fai referencia esta magnífica exposición, *Galicia Imaxinada nas revistas da emigración*, é parte fundamental da memoria que debemos conservar dunha época, na que América representou o fogar de tantos galegos comprometidos co porvir de Galicia e do resto de España. Abofé que conseguiron gran parte dos seus obxectivos.

Ánimo, por tanto, á súa detida visita.

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

Esta exposición retrata a Galicia dos emigrantes: a real e a idealizada. As publicacións da colectividade foron a canle utilizada para imaxinar a Terra. Unha representación con imaxes e relatos escollidos das revistas que as diferentes sociedades étnicas ofreceron como instrumentos de difusión e promoción do propio, ademais de elementos fomentadores de identidade e reprodutores alén mar das tradicións e costumes dos lugares de orixe. Por unha banda, fanse eco dos logros acadados na diáspora e, por outra, constrúen a imaxe da patria anhelada, recordada.

O que para eles foi unha ferramenta de visibilidade e promoción convértese para nós nunha oportunidade de lectura eminentemente visual. Examinamos a súa percepción do mundo, reflectindo en cada imaxe os descubrimentos, avances e invencións ao redor da cultura e da política, dos hábitos de vida, do traballo ou do ocio. Unha exposición panorámica de moitos acontecementos, unha instantánea sobre a que traballar a memoria e a desmemoria; aquilo que a cámara, a palabra ou o debuxo salvaron botándolle luz.

A mostra traza unha Galicia icónica que buscaba a atracción das miradas da súa colectividade no exterior e que transcendeu ás demais; contaminada, nalgúns casos, das olladas da diáspora e, tamén, das olladas das correntes artísticas, culturais e intelectuais internacionais da época. Unha viaxe polas estéticas e tendencias contemporáneas, o modernismo, o rexionalismo, o pictorialismo ou a vangarda, entre outras. 9

Son vinte paneis que falan dos significados da mirada cotiá, coa que observan ás persoas —compatriotas e familiares—, á paisaxe, ao patrimonio e á política. Tamén aos sentimentos máis profundos vinculados co amor á patria e coa saudade polo deixado atrás.

Un pobo como o galego, tan ben definido pola emigración, vese na necesidade de mostrar a imaxe que os emigrantes tiñan de Galicia. Cuba, Arxentina, Uruguai, Brasil ou México recibiron a maior parte dos galegos desde o último terzo do século XIX, de aí que as revistas presentes nesta exposición se circunscriban a estes países. A lingua, as cadeas migratorias e a relación especial co Caribe por parte de España —dato relevante é a non independencia de Cuba até 1898— son algúns dos factores que inflúen na decisión, sempre persoal, dos que deciden emigrar. As cifras que presentan os estudos non deixan lugar a dúbidas: entre 1836 e 1960, a emigración galega a América foi de máis de dous millóns de persoas, aproximadamente. Trátase dun fenómeno que explica parte da historia de Galicia, impulsor de cambios sociais, económicos, políticos e culturais de gran magnitude. Bos Aires era en 1914 unha metrópole *galega*. Non menos de 140 000 persoas nadas en Galicia residían alí, por tanto, pódese aseverar que a urbe porteña era a primeira cidade de Galicia e, tras ela, A Habana, A Coruña e Montevideo.

Sen a mirada dos emigrantes, non entenderíamos a construción de moitas das imaxes de Galicia, dos seus símbolos, tradicións, tópicos e procedementos. Por iso, esta exposición aborda, sobre todo, a comunidade composta por persoas que tiveron a vontade de colaborar xuntas, de traballar en prol de proporcionar a Galicia unha representación propia, imaxinada e ao tempo real, e un discurso propio, identitario, que se fixou, transmitiu e conservou a través das publicacións. Non podemos esquecer que os principais símbolos patrios foron *inventados* en América. En Cuba foi onde se oficializou o himno o 20 de decembro de 1907 no Teatro Tacón da Habana. A bandeira aparece xa descrita, por primeira vez e tal como é na actualidade, nunha revista de Bos Aires, *El Eco de Galicia*, o 10 de setembro de 1898. A comprensión da emigración como a Quinta Provincia e, polo tanto, unha parte máis de Galicia é o feito de que en 1909, durante a Exposición Rexional Galega realizada en Compostela, as entidades de América tiveron pavillóns propios, como o resto das provincias.

10 O percorrido expositivo descobre unha escolma de publicacións realizadas fóra e dentro de Galicia que consideramos relevantes pola súa edición, colaboracións e difusión. Cabeceiras que demostran acadar unha imaxe completa da cultura visual daquela época, pero a verdadeira importancia radica nos argumentos compartidos sobre o que quería ser Galicia e como podía narrarse. Rastrexamos a publicidade, a fotografía, as sinaturas, a identidade, a saudade, o exilio —o real e o imaxinado— a través de vinte paneis, todos eles coa premisa fundamental de descubrir a Galicia da emigración, a que imaxinaron milleiros de cidadáns que cruzaron o Atlántico e que, paradoxalmente, trasladaron a Europa. A súa idea foi, ao final, a nosa realidade.

Unha revisión transversal dedicada ao estudo da revista como obxecto de comunicación de masas fundamental, cun deseño e contido de vangarda, transmisora de ideas, debates e noticias. Un rico crisol composto por xornalistas, artistas e intelectuais que lograron articular discursos propios, significándose politicamente e sempre coa intención de poñer Galicia no centro do seu pensamento e, asemade, transmitirilles esta idea aos seus conterráneos.

Chus Martínez Domínguez

Comisaria da exposición

GALICIA IMAXINADA

NAS REVISTAS DA EMIGRACIÓN

Organiza

Consello da Cultura Galega

Colabora

Secretaría Xeral da Emigración. Xunta de Galicia

Comisaria

Chus Martínez Domínguez

Documentalistas

Carolina García Borrazás
Teresa García Domínguez
Emilia García López

Agradecementos

Biblioteca de Galicia
Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela
Centro Galego das Artes da Imaxe (AGADIC)
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Fundación Penzol
Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento"
Real Academia Galega

Deseño

Imago Mundi

Producción

Escenosest



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



XUNTA
DE GALICIA

Un novo ollar

A finais do XIX e comezos do XX, as revistas constituíron un rápido servizo de información. A industria da prensa, cunha grande influencia nos procesos políticos, comezou a abranguer novos espazos en consonancia co devir social, cunha tiraxe de exemplares masiva e configurando ao seu redor un vasto e heteroxéneo público.


Un instrumento idóneo tanto para a comunicación como para a experimentación visual, que incorporaba innovadores recursos gráficos e estilísticos vinculados coa atracción que



Coruña Moderna

REVISTA SEMANAL.


polo visual experimenta a sociedade a causa da revolución fotográfica. A cor proporcionou unha liberdade artística sobre a que se basearon as innovacións achegadas polo Movemento Moderno no deseño gráfico e como chanzo da vangarda.



Voceiros da colectividade



Suevia



A colectividade galega de América pronto atopou no medio impreso unha canle de expresión capaz de desenvolver un sentimento de orgullo, xunto a un intento de xerar un estilo propio. Unha imaxe da terra construída desde a distancia, condicionada polo contexto cultural, artístico e sociopolítico existente nas cidades que gozaban n aquel tempo dun intenso movemento cultural e intelectual: A Habana, Bos Aires e Montevideo.

Estas revistas foron unha plataforma de cultura, narradoras de experiencias cotiás dos emigrados. Os contidos responden ás formulacións básicas da época, pretendendo establecer unha concepción do mundo acorde coa posición social dos emigrantes ao ser mostrados como imaxe de éxito ante os seus conterráneos.

Os temas, aínda que non inciden nunha crítica social evidente, amosan os contrastes socioeconómicos existentes en Galicia ou na emigración. Tamén inclúen as ideas, paixaxes, costumes e imaxes da cultura propia.



Galicia Gráfica

Publicacións societarias

A prensa é a canle de expresión dos diferentes aspectos da cultura galega que agromaba en América. A emigración vai facer seu, e incluso popularizar, o sentimento de pertenza a Galicia a través da creación de institucións e símbolos identitarios.

Os intelectuais que figuran entre as elites promotoras do asociacionismo galego en Cuba, Arxentina ou Uruguai plasman as súas inxerencias estéticas e literarias nestas cabeceiras.



As publicacións son portavoces dos emigrantes recollendo as denuncias da situación de moitos compatriotas e saíndo na defensa da terra. Ben das micro-sociedades cun sentido de “propaganda” de prestixio dos líderes ou como un medio para conseguir recursos para investir na terra, ben dos grandes centros mutualistas (Centro Galego da Habana, Casa de Galicia en Montevideo ou Centro Galego de Bos Aires), estas cabeceiras convivían con outras independentes como *Céltiga*, *La Alborada* ou *Eco de Galicia*.



Gumerindo Busto con xornalista galegos (Bos Aires, 1909)



Redación de Correo de Galicia (Bos Aires, 1910)



Promotores e colaboradores



Fortunato Cruces Angueira



César Cisneros Luces



Manuel Castro López

Entre os homes e as mulleres que fan posible estas publicacións hai que mencionar directores, promotores e redactores como Manuel Castro López (*Almanaque Gallego*, Bos Aires), Ramón Peña (*Céltiga*, Bos Aires), Joaquín Pesqueira (*Suevia*, Bos Aires), Roberto Blanco Torres (*La Alborada*, A Habana), Manuel Fernández Doallo (*Eco de Galicia*, A Habana), xunto a intelectuais da importancia de Juan Rof Codina, Vicente Risco, Eduardo Blanco-Amor, Ramón M^a del Valle-Inclán, Emilia Pardo Bazán ou Ramón Suárez Picallo, entre outros. Trátase de persoeiros das artes e das ciencias, exemplo do nivel que presentaba a cultura galega, equiparable á das colectividades italiana, vasca ou catalá; da intelectualidade do país, de recoñecido prestixio e un peso específico no rexurdimento cultural da terra. Os traballos que se reproducen nalgunhas ocasións son inéditos, noutras xa editados —no caso das colaboracións poéticas. Aínda que sobresaen os escritores de ámbito cultural galego, son comúns as reproducións de textos dos literatos de referencia estatal como Valle-Inclán ou Pardo Bazán.



Mercedes Vieito Bouza



Herminia Fariña



Joaquín Pesqueira



Waldo Álvarez Insua



Manuel Curros Enríquez

José M^a Barreiro

Eduardo Blanco-Amor



Eliseo Pulpeiro



Roberto Blanco Torres



Ramón Suárez Picallo

Alfar e Vida Gallega

As revistas son un espello dos patróns gráficos do seu tempo, contribuíndo a mantelos e noutros casos a redeseñalos, mediante unha orientación estética que ía da tradición cara á vangarda. *Alfar* (A Coruña 1923-Montevidео, 1954) e *Vida Gallega* (Vigo, 1909-1938) son bos exemplos. Aínda que de características diferentes, teñen en común unha especial sensibilidade cara ao apartado gráfico.



Alfar, baixo a dirección de Xulio X. Casal, é unha rara avis no contexto galego daquela época. Foi moi apreciada entre os vangardistas de dentro e fóra de España pola atención á creación —apartados dedicados a libros, crítica de arte, poesía, información xeral, cun especial coidado á emigración— e contaba con escritores/as e artistas: Dalí, Barradas, Picasso, Norah Borges, Vázquez Díaz, Sonia Delaunay, Ángel Ferrant, Álvaro Cebreiro, Fernández Mazas, Manuel Méndez, Francisco Miguel ou Luís Huici.

Vida Gallega, fundada por Jaime Solá Mestre, foi un proxecto de revista ilustrada con intención de chegar ao gran público. Un dos seus méritos é o valor documental dos debuxos e fotografías que contiña. Esteticamente próxima ao rexionalismo, rom-

peu convencións e converteu a portada no seu sinal de identidade e nun vibrante espazo ilustrado no que colaboraron artistas como Castelao, Maside, Cebreiro, Eduardo Padín, Xaime Prada, Ramón Pulido e Lourido ou fotógrafos como José Gil, Ksado, A. Blanco, J. Pintos ou Pacheco.



Jaime Solá Mestre cos fotógrafos colaboradores de *Vida Gallega*



Céltiga e Eco de Galicia



D. Rial Seijo, editor de Céltiga

A principios do s. xx, en Bos Aires e A Habana a edición de libros, revistas, folletos e pasquins converteron ambas as urbes en referentes mundiais. *Céltiga* (Bos Aires, 1924-1932) e *Eco de Galicia* (A Habana, 1917-1936) representan as mellores publicacións realizadas pola colectividade galega.

Céltiga, fundada en Bos Aires por Rial Seijo e Ramón Peña, presenta unha calidade gráfica excepcional e unhas firmas de primeira orde. Fomentou o progreso da Terra con campañas a prol do libro galego, do Seminario de Estudos Galegos ou da literatura en galego. Tamén atendía a actua-

lidade na sección "El momento de Galicia" e o galeguismo no espazo "Idearium galeguista".



Eco de Galicia foi dirixida por Manuel Fernández Doallo, Manuel Gondell Linares e Mercedes Vieito Bouza na Habana. Dedicaba espazos á situación da muller, á historia, á economía, á información de Galicia e América, á arte e á literatura. A súa orientación política sitúaa no ámbito das Irmandades da Fala, polo que contou con textos de Vicente Risco ou Lois Peña Novo. Tamén colaboraron poetas, ensaístas e narradores como Modesto Moure, Fanny Garrido ou Xosé Filgueira Valverde.

17

Mercedes Vieito Bouza, directora de Eco de Galicia



Transmisión de afectos



Céltiga nº 26 (25.01.1926)

Os contidos buscan a proximidade sentimental coa terra nai e, por outra parte, a plasmación do éxito que con esforzo e abnegación se conseguira en América, mediante a recreación dos lugares bucólicos de Galicia —nalgúns casos imaxinados— e as fotos de estudio co mellor traxe, que mostraban o progreso social e económico ante os seus conterráneos.

A lembranza do deixado atrás está presente nos retratos e textos das revistas da colectividade a través da reprodución de xentes, lugares, patrimonio e tradicións que posibilitaban acceder ao lugar do que partiran. As familias emigradas plasmaban a súa vida cotiá en artigos e fotografías que salientaban os acontecementos máis importantes da súa vida (nacementos, vodas, celebracións e festas) e que transmitían unha posición acomodada e de éxito ao tempo que servían como “efecto chamada”.



Ilustradores e artistas


Son moitos os artistas que en América atopan nas revistas —tanto da colectividade como das autóctonas— un espazo onde expresarse, propiciando a renovación das artes plásticas en Galicia. Nomes como José María Cao Luaces, cofundador, entre outras, da revista argentina *Caras y Caretas*, e o polifacético debuxante, publicista e deseñador Federico Ribas, colaborador en varias cabeceiras de Bos Aires como *El Hogar*, *Última hora*, *Caras y Caretas*, *El Diario* e *P.B.T.*, son exemplo disto.

Ocupa un lugar sobranceiro dentro da comunidade artística americana Carlos Maside, colaborador habitual de *Céltiga*. Nesta publicación participaba xunto a Castela na sección "Humoristas Gallegos", dedicada á caricatura social, que na maioría dos casos estaba relacionada coa política caciquil de Galicia. A caricatura e o humor gráfico alcanzaron das súas mans cotas até ese momento inimaxinables.

Ao abeiro destes aparecen, entre outros: Camilo Díaz Baliño, Manuel Méndez, Cándido Fernández Mazas, Abelenda, José Peña, Castro Gil, Manuel Bujados, E. Padín, Saul Borobio, Onofrio A. Pacenza



José María Cao



Lolita Díaz Baliño



Álvaro Cebreiro



Modesto Brocos



Juan Alonso Pita



Maruja Mallo

"Noto", C. Rodeiro, Bouza Brey, Julio Prieto, Xaime Prada, Asorey, Lourido e Lolita Díaz Baliño, unha das poucas mulleres ilustradoras na Galicia da época.

Debuxo de Amando Suárez Couto para *Céltiga*

América, América



Chegada de barcos ao porto da Habana



Porto de Bos Aires, ca. 1900



A actividade social, económica e cultural nos lugares de destino creou unha imaxe prototípica e recoñecible da emigración galega. A formación de sociedades de recreo e mutualistas, a diversificación económica e as publi-



O campo de Tricornia na Habana, a onde chegaban os emigrantes

COMPANHIA HAMBURGUESA SUDAMERICANA

Próximas salidas de VIGO

29 de Marzo	Monte Sarmiento
5 de Abril	Antonio Delfino
12 de Abril	Cap Arcona
2 de Mayo	Cap Polonio
11 de Mayo	Monte Olivia
25 de Mayo	Cap Arcona
10 de Junio	Monte Sarmiento

1931

AGENTE GENERAL EN VIGO
GUSTAVO KRUCKENBERG
OFFSET-ROEL-VIGO

cacións constitúen un sinal de identidade.

A imaxe do emigrante creada tanto en América como na sociedade galega pretendeu amar os galegos como sobrios, honestos e traballadores, así como unha Galicia culta e con historia. Unha representación que mestura a amargura, morriña, sacrificio e prosperidade do galego, utilizando un tópicos que formará parte da identidade do emigrante: a saudade.



Símbolos da identidade

Popularízanse elementos simbólicos que seguen vixentes na actualidade como a bandeira, o himno, o escudo, o traxe, a música, a etnografía, a literatura e, en menor medida, a lingua. Todos estes elementos están situados en apartados especiais nas publicacións: cabeceiras, portadas e seccións *ad hoc* que remarcaban termos como raza, país e Terra.

A celebración do 25 de Xullo como Día de Galicia; persoeiros que representan un sentimento diferenciador como Manuel Murguía, Rosalía de Castro e Curros Enríquez; artistas como Asorey; heroes contemporáneos como Ramón Franco ou míticos



José Fontenla Leal



Ramón Cabanillas



como Pardo de Cela, xunto á reprodución de textos que contribuíron á creación da idea de nación da autoría de Vicente Risco e Castelao, entre outros, eran seleccionados en canto símbolos e lembranzas visuais no proceso de construción da identidade galega.

Celtiga nº 109-110 (25.07.1929)



Rexenerar Galicia

Unha das consecuencias da emigración ten que ver coa súa influencia na reorientación das propostas políticas de Galicia, en especial no ámbito do galeguismo, do agrarismo e do anticaciquismo. Contribúe á transformación da Galicia mediante remesas de diñeiro, capital humano mellor formado ou equipamento cultural e educativo.

As publicacións americanas serviron de plataformas para que os líderes do nacionalismo e do republicanismo expresasen o seu ideario político. Suárez Picallo (infatigable loitador anticaciquil e un dos fundadores do Partido Galeguista), Castelao, Vicente Risco e os irmáns Villar Ponte (creadores, xunto a Lugrís Freire, Luís Porteiro Garea ou Uxío Carré Aldao, da Irmandade de Amigos da Fala coruñesa) son protagonistas habituais.

Desde estas cabeceiras izáronse as bandeiras do antiforismo e do anticaciquismo, e reclamaban a diferenciación política de Galicia, con mensaxes rexionalistas primeiro e nacionalistas despois.



Manuel Lugrís Freire



Antón Villar Ponte



Basilio Álvarez



Escolas da Unión Hispano-Americana Pro Valle Miñor, 1927



A comunidade perdida

A imaxe pintoresca da paisaxe, da arquitectura e dos personaxes presente nas revistas está ligada ao sentimento de singularidade e pertenza estética, elementos conservados no imaxinario colectivo como símbolos de identidade.



Céltiga nº 44 (25.10.1926)

É unha forma de ver, de sentir e percibir a realidade de abandono da terra, de dixerir o proceso de perda cun posible final sen retorno. Así, moitas imaxes das revistas ofrecen un "álbum de viaxe" onde apreciar experiencias dun escenario botado de menos, coñecido e afastado, inmerso nun sentimento de saudade. Isto deriva na obriga de coñecer o mundo cara a onde o emigrante dirixe sentimentos e proxecta esperanzas. As revistas convértense nun compendio de clichés que debuxan unha imaxe idílica, aglutinadora e representativa da terra a través da reprodución de paisaxes, tipos e símbolos que axudan a levar o peso de estar lonxe.

Hai seccións que subliñan ese pintoresquismo: "Tipos de la raza", "Galicia típica", "Galicia pesquera", "Labores campesinas" ou "Motivos de Galicia", que ofrecen unha mirada metafórica de Galicia. Recreacións paisaxísticas onde remarcar a singularidade da natureza, idealizada e sentimental, que se interpreta no marco dunha cosmovisión ideal de Galicia.



Céltiga nº 44 (25.10.1926)



Valorización do patrimonio



A emigración contribuíu á recuperación e posta en valor do patrimonio de Galicia, entendido como símbolo e trazo identitario que define os galegos ante outras colectividades.

Lévese a cabo unha selección do pasado para que configure o presente, asumindo novas funcións e significados, mesturando a cultura popular co patrimonio monumental: catedral de Santiago de Compostela, hórreos, cruceiros ou a arquitectura dos pazos, xunto a actividades agrícolas, música, romarías ou literatura.

A valoración que os emigrantes fixeron destas manifestacións foi un modo de protexer o patrimonio de Galicia, a través do financiamento para a súa conservación, dotando determinados elementos dun significado excepcional que definía os galegos como pobo.



Céltiga nº 2 (22.10.1924)

Paisaxe da Terra-nai

As revistas apelaron á parte emocional dos emigrantes para difundir unha paisaxe propia de Galicia. Botaron man de imaxes para artellar un imaxinario nacional.

A construción desta imaxe paisaxística estereotipada redúcese a unha serie de características que resultan un elemento de unión para os galegos: verde, montañosa, neboenta, húmida, mariñeira e rural. O léxico empregado reforza a función da construción dun significado mítico e tamén publicitario: "Paisajes gallegos", "Bellezas del paisaje", "Los encantos del paisaje gallego" ou "Postales Gallegas". Son imaxes coidadas, editadas a toda páxina, nas que se ofrecen distintos lugares de Galicia: monumentos, edificios históricos e relixiosos...

A metaforización antropomórfica é importante na conceptualización da paisaxe, na que en ocasións se afirma un carácter feminino que destaca a beleza e a idea de terra-nai. Conceptos referendados por persoeiros como Manuel Murguía, Vicente Risco e Otero Pedrayo.



Almanaque Gallego para 1926



Céltiga nº 4 (15.11.1924)



Publicidade



A publicidade está dirixida a lectores que, case exclusivamente, pertencían á colectividade. Fomentaba imaxes, costumes e, sobre todo, promovía o consumo de determinados produtos que consideraban propios de Galicia, por exemplo a paisaxe vinculada ao turismo.



Hai publicidade moi específica como a referida ás casas de banca, que lles ofrecían aos emigrantes un xeito sinxelo de mandar as remesas á súa familia, ou aos buques que viaxaban a América. Outra é máis heteroxénea: comercios, almacéns ou negocios de servizos. Moitos anuncios van acompañados con frases en galego ou imaxes de hórreos e paisaxes identificables para o lector.

As novas estratexias publicitarias fixeron que os anuncios fosen diferenciándose das páxinas de avisos, marcados pola moda do Art Nouveau, onde a composición infográfica adquire certa preponderancia visual. Este proceso é evidente naqueles anuncios concernentes a marcas consagradas e internacionais (banca, balnearios ou navieiras) fronte á publicidade máis local, na que abunda a composición textual.



26



LA MEJOR
AGUA MINERAL
 NATURAL DE MESA
 RECOMENDADA POR LA CIENCIA
 10.000 voltios de radiactividad
 AGRADABLE · HIGIÉNICA
 TÓNICA · ESTIMULANTE
 ÚNICO INTRODUCTOR Y PROPIETARIO DE LAS FUENTES
Casimiro Gómez
 BERNARDO DE IRIGOYEN, 143 AL 169
 BUENOS AIRES

Saudade da terra




A saudade como símbolo dos emigrantes galegos ten unha profunda esteticidade, unha proxección sentimental referida á soidade do emigrado, o que anos despois Piñeiro definiu como "significado metafísico".

Son moitas as páxinas dedicadas á saudade coa colaboración de escritores como Rafael Dieste, Castelao, Vicente Risco, Rosalía de Castro ou Antón Zapata García, quen escribe o poema "Marchan os barcos, e, neles, vãn miñas soidades pra o meigo lar». Para Cabanillas a saudade é a "Cobiza do lonxe, presentimento do que está para chegar, arela dun ben perdido, lembranza dunha luz que nos feriu na vaguedade dun soño".



Imaxes de mulleres que miran o horizonte pensando en algo amado (a aldea, o fillo, o home, o noivo...) cun desexo de resolver a distancia. Ao tempo, evócanse persoas e lémbrense paisaxes, de aí a continua reprodución de espazos comúns: montes, chairas, costas, campos...



Céltiga nº 87 (10.08.1928)



Viúvas de vivos



Concepción Arenal



Sofía Casanova



Emilia Pardo Bazán



Ante a ausencia do home, a muller tivo que asumir a organización familiar. Unha dura realidade que Emilia Pardo Bazán e Rosalía de Castro retrataron á perfección, "viúvas de vivos e mortos".

A feminización da Galicia dos primeiros anos de século xerou unha imaxe de matriarcado e certa liberdade das mulleres, fomentada desde a emigración a través de distintas perspectivas da muller, que ían desde a nai coraxe até a labrega melancólica e robusta, piar de Galicia.

As mulleres reproducidas nas páxinas das revistas son maioritariamente as que quedan en Galicia, envoltas en tópicos; símbolo da identidade galega vencellada á terra e á aldea. En menor medida, é representada a muller moderna e destaca a presenza de literatas, comunicadoras ou actrices; Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro, Carolina Otero ou Concepción Arenal son as que máis se reproducen.



Almanaque Gallego para 1901



PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS GALEGAS EDITADAS EN AMÉRICA ATA 1936



Revistas do exilio

A actividade cultural desenvolvida no exilio foi de primeira orde, coa posta en marcha de revistas onde plasmar o antifascismo militante e a preeminencia da cultura sobre a violencia. Neste aspecto, destacan en Bos Aires: *De Mar a Mar* (1942-1943), dirixida por Arturo Serrano Plaja, Lorenzo Varela e, en menor medida, José Otero Espasandín; *Correo Literario* (1943-1945), dirixido por Luís Seoane e Arturo Cuadrado; *Cabalgata* (1946-1948), cos mesmos promotores, e *Galicia Emigrante* (1954-1959), encabezada de novo por Seoane. En México editanse *Vieiros* (1959-1968), cunha periodicidade irregular, nacido no seo do Padroado da Cultura Galega e dirixido, entre outros, por Lois Soto, Florencio Delgado Gurrarán e Carlos Velo; *Compostela. Revista de Galicia* (1967), fundada por Alejandro Finisterre e con colaboracións de insignes exiliados como Jesús Bal y Gay ou Delgado Gurrarán, e *Romance. Revista Popular Hispanoamericana* (1940-1941), unha das primeiras publicacións que foi



Lorenzo Varela



Arturo Souto



Luís Seoane

capaz de xuntar boa parte dos exiliados naquel país, así como os mellores escritores e intelectuais mexicanos e hispanoamericanos da época.

GALICIA *emigrante*



Céltiga

REVISTA GALEGA



ECO DE GALICIA

Suevia



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



XUNTA
DE GALICIA